

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO REGULADOR DA D.O.P. MEXILLÓN DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DO MEXILLÓN CERTIFICADO D.O.P. NO ANO 2025

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, don Manuel María Calvo García-Benavides, en representación do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia de acordo coa Orde do 4 de abril de 2022 pola que nomea a Presidencia do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia (DOG núm 69 do 8 de abril) e coas facultades recoñecidas na Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega, que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.



SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Para poder acadar estes obxectivos, resalta a importancia de que a administración galega identifique determinadas situacións puntuais que poidan comprometer o rendemento e incluso a viabilidade das empresas da cadea mar – industria galega e colabore cos actores precisos para paliar os efectos nocivos destas situacións.

TERCEIRO:

Que o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia é o órgano de xestión e control da dita denominación, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e no Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea, do 12 de setembro de 2007, polo que se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea a denominación Mexillón de Galicia. Polo tanto é a



única entidade capacitada para executar tanto o investimento material como o inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrència competitiva con ningunha outra entidade.

Que por canto a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia están interesados na potenciación do sector da acuicultura, tanto dende o punto de vista da obtención de produtos certificados no ámbito da produción primaria como do sector transformador destes produtos, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven del, é polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións que repercutan nunha mellora da comercialización e accións de promoción destes produtos de alta calidade.

CUARTO:

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139, establécese que o apoio no marco desa prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

O programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da "mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas", apoiar accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, apertura de novos mercados e consolidación dos xa existentes. En concreto,



contémplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a organización e participación en feiras, congresos, eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución no mercado, así como proxectos de comunicación e promoción, co obxecto de avaliar e planificar campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca e a acuicultura e a busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custos, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) Nº 2021/1139, do 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciación polo FEMPA é do 70 %.



QUINTO:

Á Consellería do Mar correspóndelle a realización de accións de promoción dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a realización de accións que promovan as denominacións de orixe e os distintivos de calidade; por isto é consciente de que a valorización dos produtos do mar por parte dos consumidores finais constitúe un dos principais eixes da política de mellora de comercialización pesqueira, dado que repercute directamente sobre a demanda deses produtos.

Neste sentido, e dentro do marco de actuacións da Consellería do Mar, figuran como accións fundamentais deste proceso a participación e colaboración da consellería con entidades significativas que teñan como finalidade dar a coñecer, entre outros, os produtos procedentes da acuicultura.

SEXTO:

Que a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia están interesados na valorización do Mexillón de Galicia como produto e como marca, innovando e consolidando un desenvolvemento tecnolóxico imprescindible tanto para o Consello Regulador, en resposta ao seu crecemento cuantitativo e cualitativo, como para os seus operadores, que permita manter o liderado como potencia acuícola e reforzar a importancia da miticultura en Galicia, como instrumento con efecto multiplicador a nivel social e económico no ámbito local.

Que é de interese potenciar o sector acuicultor, tanto dende un punto de vista da obtención de produtos certificados no ámbito da produción primaria, como do sector transformador destes produtos, así como mellorar a situación socioeconómica das xentes que viven del, motivo polo que se propón á Consellería do Mar da Xunta de Galicia a realización de actividades que repercutan nunha mellora da comercialización e accións de promoción destes produtos de alta calidade.

SÉTIMO:

Que as partes anteriormente referidas, consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector acuícola e das



industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos certificados.

OITAVO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. - OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e Consello Regulador do Mexillón de Galicia para a coordinación de accións que redunden na mellora da comercialización do mexillón certificado e na promoción do mesmo. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1-Márketing de influencers

Para poñer en valor a DOP, gañar relevancia e posicionar o noso selo na mente do consumidor é preciso traballar a notoriedade. Para este fin propónse unha acción no marco do márketing de *influencers*, tan de moda nos últimos tempos, que fusionando entretemento, influencia, creatividade e contidos, acada a amplificación da mensaxe con niveis de *engagement* enormes para a marca Mexillón de Galicia.

Para isto contratarase a unha empresa de comunicación que se encargará da xestión cos posibles interlocutores, de cara a unha mellor consecución dos obxectivos buscados.



2- Monitorización do rendemento do Mexillón de Galicia

A condición somática dos bivalvos, en termos do contido de biomasa de tecido, foi frecuentemente avaliada a través de diferentes índices de condición, que se refiren á cantidade relativa de carne producida por un organismo e son amplamente utilizados nos moluscos para estimar o seu valor nutritivo, comercial e tamén ecolóxico. Neste sentido, índices como o rendemento da carne poden relacionarse con variables como a relación talla-peso e permitir coñecer como responde o organismo ás variacións do ambiente.

Dado que a afectación ao rendemento do molusco pode influír na comercialización deste produto ao ritmo que sería desexable, a experiencia aconsella monitorizar a produción e o rendemento do produto procedente de bateas certificadas co selo da DOP, unha vez que este produto sexa descargado en porto, para a recompilación desta información e así poder obter datos que axuden na toma de decisións para unha mellora na comercialización do Mexillón de Galicia.

3-Axendas 2026

Para o novo ano, e tralo éxito acadado coas axendas nos últimos anos, queremos volver editar axendas personalizadas, pois son un regalo promocional perfecto, xa que a nosa marca permanecerá presente os 365 días do ano ao garantir o seu uso polo receptor.

Os presentes promocionais son unha estratexia de márketing que non pasa de moda, pero a clave para que sexan aínda máis efectivos é que resulten útiles no día a día. Ademais, na era dixital, acadan unha maior conexión co receptor.

A calidade xoga un papel fundamental á hora de elixir un regalo promocional pois, por exemplo, se é útil, funciona ben e é duradeiro, creará unha percepción de benestar arredor da nosa marca. Neste caso, imos escoller novamente a encadernación en espiral, posto que é a máis práctica ao permitir que a axenda personalizada se abra por completo resultando máis cómoda no momento de escribir.



A inclusión de citas, trucos, recomendacións relacionadas coa nosa marca, co Mexillón de Galicia, información sobre o sector, receitas... axudarán a mellorar a visibilidade ao igual que o deseño natural, atractivo e coas cores corporativas.

4-Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia fresco

A DOP busca en todas as súas accións promocionais o incremento da identificación e recoñecemento do seu selo, así como a mellora da valorización de Mexillón de Galicia no mercado.

O coñecemento e recoñecemento do selo por consumidores e profesionais é básico para fortalecer a DOP Mexillón de Galicia como distintivo de calidade e orixe e, por extensión, aos seus integrantes, produtores e empresas depuradoras e transformadoras. Por un lado, protexe os postos de traballo dos axentes do sector que se esmeran por acadar un produto e alimento de altísima calidade, de proximidade, cultivado de forma única, natural e sostible que xera riqueza no entorno local e arraiga poboación aos territorios onde se cultiva. Tampouco se pode esquecer a protección ao consumidor grazas á información clara e veraz que ofrece un produto con este distintivo.

Neste sentido, queremos facer chegar a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes das administracións... unha caixa cunha bandexa de 1 quilo de Mexillón de Galicia fresco.

5-Calendario 2026

Ao igual que as axendas, queremos deseñar un calendario de sobremesa 2026, pois consideramos que para o usuario é un obxecto útil e trátase dun recordatorio diario de Mexillón de Galicia como produto, alimento e marca.

O calendario en pdf colgarémolo na época de Nadal nas nosas redes sociais e tamén imprimiremos exemplares para o envío a produtores, elaboradores e comercializadores de mexillón en Galicia, así como a cociñeiros, centros de formación de hostalería, representantes das administracións autonómicas, provinciais e locais, persoas relacionadas coa cultura, a sociedade e a economía galega, consellos reguladores, universidades, centros de investigación, etc.



6-Felicitación de Nadal 2025

A felicitación de Nadal é un clásico que non podemos esquecer. Nestes tempos en que a sociedade se move dentro dunha inmediatez e mare magnum desmesurado, unha felicitación de Nadal é un aceno á tradición, ao natural, ao ben feito, cualidades en total consonancia coa esencia do cultivo do Mexillón de Galicia.

Consideramos o deseño da felicitación en pdf e 3D para colgala nas nosas redes sociais e chegar ao maior número de destinatarios posible.

7- Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia en conserva

Para potenciar a marca Mexillón de Galicia e fortalecer a DOP Mexillón de Galicia e, en consecuencia, protexer aos axentes que a integran, queremos facer chegar a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes das administracións, restauración... unha edición exclusiva de Mexillón de Galicia en escabeche.

Esta acción inclúe o deseño e impresión da embalaxe para o envío dunha caixa de alto gramaxe con deseño coidado e imaxe elegante, que reflecta a categoría e prestixio do produto e alimento que vai no interior. Tamén inclúe o transporte das mesmas ata a empresa elaboradora da conserva, a elaboración das unidades, o envasado e a entrega aos destinatarios.

8- Historia gráfica *Mexillón de Galicia* para a revista da DOP

Dentro da revista Mexillón de Galicia que editamos con carácter trimestral, e debido á fantástica acollida que teñen recibido as ilustracións de Luis Davila incorporadas en anos anteriores, queremos que as revistas editadas en 2025 amosen tamén de forma totalmente gráfica e con ton de humor as características que fan único a Mexillón de Galicia.

O ton humorístico permite que as persoas destinatarias da revista asocien unha sensación agradable á marca Mexillón de Galicia, ademais de facilitar a transmisión viral da ilustración e incluso a súa divulgación por redes sociais.

9-Merchandising de Mexillón de Galicia



Un dos beneficios do uso de merchandising como mecanismo de publicidade é que permite á marca escoller un obxecto de soporte acorde á mensaxe que desexa transmitir, facilitando o recordo do consumidor e xerando un compromiso de lealdade de marca no usuario.

Entregar agasallos en eventos, feiras, charlas, obradoiros..., permitirá reforzar Mexillón de Galicia como marca, pero tamén axudará a incrementar a valoración de Mexillón de Galicia como produto e a aumentar o consumo deste magnífico alimento.

A acción inclúe o deseño, impresión e transporte do merchandising ata a nosa sede.

10-Comunicación de actividades de promoción

A promoción e a comunicación son as dúas caras da mesma moeda e deben ir parellas. Unha determinada acción require a interacción entre dúas ou máis persoas, oralmente ou por escrito, xestos, acenos ou expresións emocionais, cuxo resultado é o intercambio de significados que conducen á comprensión, xeran un comportamento e inducen a unha acción. É a comunicación a que permite divulgar e difundir a mensaxe que a unha empresa, entidade ou marca lle interesa transmitir, así como favorecer o coñecemento e recoñecemento dun produto, marca, ou algunha característica que permita que o destinatario da acción promocional interactúe coa orixe da información.

Neste sentido, contaremos cun experto en comunicación, tanto na redacción de documentos e elaboración de informes, como no desenvolvemento de tarefas de Community Manager nos medios cos que contamos, web, redes sociais, revista...

Igualmente, deseñaremos e emitiremos unha revista que remitiremos a produtores, elaboradores e comercializadores de mexillón en Galicia, así como a cociñeir@s, centros de formación de hostalería, representantes das administracións autonómicas, provinciais e locais, persoas relacionadas coa cultura, a sociedade e a economía galega, consellos reguladores, IES, CEIP, universidades, centros de investigación, etc.

11-Visibilización de Mexillón de Galicia en soporte audiovisual



A acción consiste na colocación da marca Mexillón de Galicia en soporte audiovisual en medios de comunicación xeral en prime time. Con elo asegurámonos a visibilización da marca e a identificación do produto e o alimento nun soporte de máxima audiencia.

12-Obradoiro de hostalería

A acción consiste na promoción de Mexillón de Galicia a través de showcookings na comarca do Salnés, así como a celebración de almozos saudables nos colexios desta comarca, promovendo así bos hábitos alimenticios e dando a coñecer a versatilidade do mexillón de Galicia e o seu valor nutricional entre unha ampla masa social.

A acción realizase en colaboración co Obradoiro de Hostalería do Salnés e inclúe o produto necesario para a súa realización.

13-Expo Mexillón de Galicia

Promoveremos o Mexillón de Galicia a través da exposición gráfica que deseñamos no interior do Edificio Mexillón de Galicia. Con ela queremos que rapaces e non tan rapaces coñezan en imaxes as características do cultivo do mexillón de Galicia, as súas bondades como alimento e a garantía que lle outorga o distintivo de DOP.

A actividade inclúe unha detallada explicación aos visitantes, así como a mostra do produto.

14-Día do Mexillón de Galicia

Queremos instaurar a celebración do Día do Mexillón de Galicia, un día de conmemoración polo outorgamento da DOP Mexillón de Galicia en 2007, realizada pola Comisión Europea.

A acción inclúe unha xornada de exaltación do Mexillón de Galicia, cun acto no que representantes do sector e das administracións explican a importancia e repercusión desde distintivo para o noso produto e o noso sector, así como unha mostra da versatilidade culinaria do produto estrela das Rías Galegas.



SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar ao Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na **cantidade máxima de douscentos mil euros (200.000,00 €)**, con cargo a aplicación orzamentaria 16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse, pola súa propia natureza, como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, o Consello Regulador da DOP **Mexillón de Galicia contribuirá cun máximo de douscentos mil euros (200.000,00 €)**, achega na que se poderán asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060, polo que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberá asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento prevista na cláusula quinta emita outro ditame.



A tramitación do expediente é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) fináncianse nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra a presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento, presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.



No marco do presente convenio, O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia obrígase a planificar e coordinar, xunto coa Consellería do Mar, as actividades e eventos a celebrar dentro do marco do presente convenio e o plan de comunicación aparelado a este, notificando coa maior antelación posible e, en calquera caso, nun prazo nunca inferior a un mes, as datas e programa provisional dos mesmos.

Finalmente, e antes do 30 de novembro do 2025, presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio, así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangan todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá achegar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo, deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos achegados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas, no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.



QUINTA.- SEGUIMIENTO

Para os efectos de coidar do cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, ou persoa en quen delegue, e pola responsable de Promoción do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste sentido, o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia atenderá as indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen dende a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio e o plan de comunicación aparelado ás actividades do mesmo.

Será necesario que, con anterioridade á execución das diferentes actividades, a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que dea o seu visto e prace antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2025, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio as legalmente previstas, o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado



polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Polo Consello Regulador da DOP

Mexillón de Galicia

O conselleiro do Mar

O presidente

Alfonso Villares Bermúde

Manuel María Calvo García-Benavides



Anexo A

ACCIÓN	APORTACIÓN CONSELLO REGULADOR			APORTACIÓN CONSELLERÍA DO MAR			TOTAL (IVE INCLUÍDO)
	BASE	IVE	TOTAL	BASE	IVE	TOTAL	
1-Márketing de influencers	84.700,00 €		84.700,00 €	70.000,00 €	14.700,00 €	84.700,00 €	169.400,00 €
2-Monitorización do rendemento do Mexillón de Galicia	23.232,00 €		23.232,00 €	19.200,00 €	4.032,00 €	23.232,00 €	46.464,00 €
3-Axendas 2024	22.706,86 €		22.706,86 €	18.766,00 €	3.940,86 €	22.706,86 €	45.413,72 €
4-Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia fresco	3.746,76 €		3.746,76 €	3.131,95 €	614,81 €	3.746,76 €	7.493,52 €
5-Calendario 2024	1.827,10 €		1.827,10 €	1.510,00 €	317,10 €	1.827,10 €	3.654,20 €
6-Felicitación de Nadal	544,50 €		544,50 €	450,00 €	94,50 €	544,50 €	1.089,00 €
7-Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia en conserva	5.063,46 €		5.063,46 €	4.286,95 €	776,51 €	5.063,46 €	10.126,92 €
8-Historia gráfica Mexillón de Galicia para revista	3.000,00 €		3.000,00 €	3.000,00 €		3.000,00 €	6.000,00 €
9-Merchandising Mexillón de Galicia	6.050,00 €		6.050,00 €	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €	12.100,00 €
10-Comunicación actividades de promoción	17.309,35 €		17.309,35 €	14.335,00 €	2.974,35 €	17.309,35 €	34.618,70 €
11-Visibilización Mexillón de Galicia en soporte audiovisual	16.940,00 €		16.940,00 €	14.000,00 €	2.940,00 €	16.940,00 €	33.880,00 €
12-Obradoiro hostalería	3.300,00 €		3.300,00 €	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €	6.600,00 €
13-Expo Mexillón de Galicia	3.630,00 €		3.630,00 €	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €	7.260,00 €
14-Día do Mexillón de Galicia	7.949,97 €		7.949,97 €	6.570,22 €	1.379,75 €	7.949,97 €	15.899,94 €
Total	200.000,00 €		200.000,00 €	166.250,12 €	33.749,88 €	200.000,00 €	400.000,00 €

